

FORO A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 1 | Edición nº 5 | Maio de 2018 | PRECIO 0,50 EUROS

Presentación da novela
gráfica O Picoto do Pai

Páxina X

Éxito da Romaría da
Picaraña 2018

Páxina XII

Presentación do libro
Na sombra do Trega

Páxina XIV

VI Colóquio Luso-
Galaico sobre a
Saudade

Páxina XVI

XI Andaina Concello
de Salceda percorrerá
catro concellos

Páxina XVI




Mes de Maíos e Letras

ESPECIAL LETRAS GALEGAS 2018

Páxinas II a VIII



NOVAS DA RAIA



Romaría dos Libros de Primavera

xoves
17 de maio
11:00-21:00

praza de mazarelos
11:00-21:00

ACTIVIDADES

13,30 h. - Contacontos para crianzas de libreir@s e editores/as.
14,00 h. - Positivas e CultRural reparten plantas de Tomate Negro de Santiago.
17,00 h. - Gincana Literaria.
17,30 h. - *Ilustrando Mazarelos*. María Meijide e Mariano Casas "convidan a ilustrar Mazarelos".
18,00 h. - Homenaxe a M^a Victoria Moreno na voz das súas alumnas. Coordina Andrea Jamardo (Urco Editora).
19,30 h. - Exposición e Peché de *Ilustrando Mazarelos*.
20,00 h. - Concerto de Anxo Blas.

PARTICIPANTES

aCentral Folque - Carlos Meixide - Chan da Pólvora - Ciranda - Positivas - Komic - Lila de Lilth - María Meijide/Mariano Casas - O Mundo de Carlota - Palacios - Pedreira - Tirana - Urco - Asociación Fonte da Virxe.

Durante a mañá entregaranse (en compras maiores de 15 €) moletes de pan até acabar existencias.

Organiza:
COMPOSTELA LITERÁRIA

Feiras do Libro de Galicia

A programación de espazos na rúa para lle dar visibilidade ao libro e para favorecer un achegamento doado á produción editorial galega é unha das liñas de actuación permanente desenvolvida pola Secretaría Xeral de Cultura, en colaboración coa Federación de Librarías de Galicia.

As Feiras do libro de Galicia celébranse cada ano en diversas vilas e cidades galegas, nos meses de primavera e verán, con postos de venda de exemplares xestionados polos libeiros, que se completa cunha extensa programación de actividades paralelas, como charlas, encontros con autores, espectáculos infantís, presentacións de libros etc., que fan destes eventos unha cita de alto interese cultural.

FEIRAS DO LIBRO DE GALICIA 2018

Verín: do 16 ao 18 de marzo

Ferrol: do 19 ao 23 de abril

Santiago de Compostela: do 28 de abril ao 6 de maio

O Porriño: do 10 ao 13 de maio

Lugo: do 15 ao 20 de maio

Ourense: do 30 de maio ao 6 de xuño

Redondela: do 7 e o 10 de xuño

Ribeira: do 21 ao 24 de xuño

Vigo: do 28 de xuño ao 7 de xullo

Sanxenxo: do 10 ao 15 de xullo

Rianxo: do 19 ao 22 de xullo

Ponteareas: do 22 ao 29 de xullo

Mondoñedo: do 24 ao 26 de xullo

Viveiro: do 11 ao 15 de agosto

Foz: do 16 ao 19 de agosto

Monforte: do 22 ao 25 de agosto

A Real Academia Galega celebra o Día das Letras Galegas dedicado a María Victoria Moreno cunha sesión pública extraordinaria no Teatro Principal de Pontevedra

A Real Academia Galega celebrará o 17 de maio cunha sesión plenaria extraordinaria e pública que terá lugar a partir das 12:30 horas no Teatro Principal de Pontevedra, onde a figura homenaxeada neste 2018 pola institución, María Victoria Moreno, se estableceu en 1963 ao chegar a Galicia. A escritora, profesora, editora e activista da lingua e a cultura de noso viviu o resto da súa vida nesta cidade, epicentro dos actos centrais organizados co gallo do Día das Letras Galegas do que é protagonista. A Academia celebrará o seu pleno extraordinario no Teatro Principal cedéndolles a palabra a tres membros de número moi vinculados a ela por distintas razóns: Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey e Xesús Alonso Montero ofrecerán tres olladas persoais á vida e á obra da autora neste acto, aberto ao público ata completar capacidade. A sesión concluirá coa intervención do presidente da RAG, Víctor F. Freixanes.

María Victoria Moreno naceu cir-

cunstancialmente en Estremadura en 1939, medrou en terras de Castela, estudou sendo adolescente en Barcelona, fixose filóloga en Madrid e escolleu ser galega e empregar a súa lingua en todos os contextos pouco tempo despois de establecerse na nosa terra, a onde chegou para exercer a docencia. Entre 1965 e 1967, deu clases no Instituto Masculino de Lugo, unha etapa decisiva no despertar do seu activismo a prol da lingua galega en plena ditadura. Neste centro coñeceu o profesor Xesús Alonso Montero, de quen herdou, segundo ela mesma dixo, a súa actitude ante a lingua galega e a ética e o compromiso cos seus falantes. Entre os dous axiña medrou unha fonda amizade, que queda patente no primeiro libro que publicou a escritora, *Mar adiante* (1973). O académico prologouno e parte do alumnado do barco escola Arroás que protagoniza esta historia levou o nome dos fillos deste, un xesto de cariño que repetiría en moitos títulos coa rapazada e a xente adulta que quería.

Mar adiante foi un título pioneiro na literatura infantil galega, se ben tamén escribiu poesía e relatos para o público adulto, ensaio e crítica literaria. Este conto de contos foi ademais un canto á renovación pedagóxica dunha profesora vocacional capaz de espertar vocacións literarias e conciencia lingüística nas aulas, porque aínda que era docente de Lingua e literatura castelá xa lles facía oco naqueles anos 70, nas clases dos venres, aos grandes nomes das letras galegas e á práctica da escrita en galego.

Simposio en novembro

No mes de novembro, os días 27 e 28, a Real Academia Galega celebrará na súa sede da Coruña o Simposio María Victoria Moreno, dúas xornadas nas que se afondará, a través das disertacións de diversos especialistas, na personalidade e no legado da autora homenaxeada no Día das



Letras Galegas. O simposio, aínda que destinado principalmente ao profesorado de lingua galega e literatura dos distintos ciclos e niveis, está aberto ao público en xeral.

MARÍA VICTORIA MORENO E A LINGUA GALEGA

"SIMPLEMENTE UNHA HISTORIA DE AMOR"

17 de maio Día das Letras Galegas

XUNTA DE GALICIA
xunta.gal

ELIXE GALICIA

galicia
o bo camiño

LETRAS GALEGAS 2018

Festa das Letras Galegas no Rosal

A Agrupación Musical do Rosal organiza, como ven facendo desde 2006 en colaboración co Concello, para o día das Letras Galegas diferentes actos que terán lugar na Praza do Calvario do Rosal, que, en caso de chuvia, estará cuberta cunha carpa.

O día 16 unha verbena cos grupos locais "Coro Fusalheiro", "QuédeQué" e coa actuación da popular e televisiva "A Banda da Balbina". Os concertos comezarán ás 22:30 horas e dende ás 21:00 horas poderase degustar Porco ó Espeto a prezos populares, contando tamén con cantina.

Xa o 17, Día das Letras Galegas, teremos diversas actuacións e actividades durante todo o día, para tódolos gustos e tódalas idades. Terán prota-

gonismo os rapaces e alumnado da escola de música, mediante actuacións da Banda Infantil, Coro Infantil, Grupo de Clarinetes Kla-son, música tradicional con Orballo e As nove alí, etc. Pola tarde tamén nos acompañarán "Bemolecontos" que farán disfrutar os nen@s coas súas aventuras polo mundo dos libros.

Aparte da compoñente literaria e musical, nese día tamén se intenta fomentar a convivencia entre tódolos membros da Agrupación, grandes e pequenos. Música, contacontos, venda de libros, obradoiros, e postos de comida e postres caseiros a prezos populares, co fin de recadar fondos para as activi-



dades que realizamos durante o ano na escola de música e no colectivo. Tamén contaremos nesta edición coa colaboración da asociación de comerciantes ACOR, participando varios establecementos na colocación de postos de venda.

O IES A Sangriña impulsa o galego con rap, skate e graffiti

O alumnado do Instituto de Educación Secundaria (IES) A Sangriña participou na primeira edición das actividades de arte urbana «A cultura na rúa», organizada polo Equipo de Normalización Lingüística do instituto público e o Concello da Guarda.

As actividades desenvolvéronse durante toda a mañá con distintos cursos nos que as rapaces e rapazas puideron experimentar e aprender variadas formas de expresión artística urbana na contorna do Centro Cultural. Así, uns 100 mozos e mozas guardeses cambiaron o seu habitual material didáctico por monopatíns e aerosois, aínda que si tomaron apuntes no curso de rap dirixido por García MC, membro do popular grupo galego Dios ke te crew. O rapeiro introduciu aos participantes -preto de 40 alumnos e alumnas de 3º



da ESO- na cultura hip hop, amosando as distintas ramas que compoñen este movemento artístico e cultural.

Pola súa parte, o alumnado de 2º da ESO participou nun curso de monopatinaxe no que contaron coa axuda de Hugo, Muriel e Javi, tamén alumnos do instituto e hábiles skaters guardeses. En pouco menos de dúas horas, os e as participantes noveis adquiriron os coñecementos básicos para facer uso do monopatín, namentres aque-

les máis destros puideron experimentar nunha rampla ou perfeccionar as súas acrobacias.

Dende primeira hora da mañá, un grupo de rapazas de distintos cursos fixeron uso dos aerosois para embelecere os muros das escaleiras que dan acceso ao aparcadoiro da Alameda, axudados polo grafitista Pow. Catro horas bastaron ás noveis artistas para decorar as paredes con imaxes de mulleres e mensaxes feministas como «Non é non».

XXI Feira do Libro Galego en Tui, o día 17

O Paseo da Corredoira acollerá o próximo xoves, 17 de maio, a XXI Feira do Libro Galego organizada polo Concello de Tui coa colaboración das librarías Espazo Lector Nobel e Iris, que ofrecerán un 10% de desconto.

A Feira será inaugurada pola escritora tudense Conchi Regueiro, e ao longo da xornada actuarán as pandereiteiras As Dabadías de Caldelas, a Coral Ponte das Febres, a Banda de Gaitas San Xoán de Paramos, o grupo folclórico Santa Columba de Ribadelouro e a Coral do Centro Sociocomunitario de Tui. Pero amais Saleta Fernández ache-

gará o contacontos "Pan e chocolate", haberá un obradoiro de marcapáxinas, circo de rúa con Pajarito e o espectáculo "A vida tola" e teatro de rúa con Ghazafellos e a obra "O vendedor de fume".

Como novidade a presenza na feira dunha das tres bibliotecas móbiles realizadas polo curso de Montaxe de Mobles e elementos de carpintería impartido no Centro Municipal de Formación. Tamén estarán expostos os maíos e paneis informativos sobre a figura de Mª Victoria Moreno realizados polos centros escolares e asociación culturais de Tui.



O IEM e o Concello de Gondomar celebran as letras galegas.

O vindeiro 17 de maio, Día das Letras Galegas, o Instituto de Estudos Miñoráns e o concello de Gondomar, a través da concellería de Cultura, homenaxearán a María Victoria Moreno. O acto contará coa presenza da escritora Iria Misa e o escritor Miguel Anxo Mouriño, ambos os dous vinculados a Gondomar, e estará amenizado polo grupo musical Xardín desordenado que interpretará pezas do seu úl-

timo traballo, "A vitoria da luz", baseado en textos de María Victoria Moreno. No acto leranse poemas de María Victoria Moreno por parte de alumnas e alumnos do CEIP Neira Vilas e o IES PL. Terra de Turonio, para lembrar a importancia da escrita para os máis novos e novas que foi tarefa central da escritora homenaxeada este ano.

O acto comezará ás 19:30h na Praza da Paradela, fronte ao concello de Gondomar.

CONCELLO SALVATERRA DO MIÑO

Letras Galegas 2018

María Victoria Moreno Márquez

MÉRCORES, 16 DE MAIO

Actividade Infantil ao aire libre, na Praza do Concello ás 18.00h.
Títeres con **"SABELA E O PÁXARO MÁXICO"**.

*En caso de choiva a actividade suspenderase.



XXX Marcha ciclista popular

Letras Galegas 2018

Domingo 20 Maio 2018
Salvaterra do Miño
C.E.I.P. Felipe de Borbón

Inscripción gratuíta!
Traede DNI e casco

- Inscrición: 9:00 h
- Saída: 10:00 h

Sorteo de agasallos para os participantes!

PEQUE-MARCHA II

- Dentro do colelo
- Idade: ata 6 anos
- Inscrición: 12:00 h
- Saída: 12:20 h

Apíntate en Facebook na actividade ou pólagoa@gmail.com ata o 14 de Maio e lévate un billete para o tren Eurocidade (para os menores 1,50 h de validez)



Como é costume nos últimos trinta anos en Salvaterra, o domingo 20 de maio, a ANPA A Lagoa, celebrará a XXX edición da marcha ciclista popular, por mor da celebración do día das letras galegas. Case 19

kms. de percorrido pola nosa vila para gozar dunha xornada de amigos, familia, deporte e agasallos. Non só os maiores poden participar, celebraremos unha pequemarcha para os máis pequenos da casa.

Letras Galegas 2018



María Victoria Moreno

Xoves 17 maio
19:00 h. Praza Maior
Festival musical das Letras Galegas
Os Ghuacamaños
Pandereteiras Saia de lá
Coral Santa María de As Neves
Banda de Música Popular de Rubiós
Coa presentación do libro *A Banda de Rubiós e outras músicas de As Neves*

Mércores 16 maio
A partir das 11:30 h
Praza Maior e Auditorio Municipal
Xornada escolar das Letras Galegas

Domingo 3 xuño
19:00 h. Auditorio Municipal
María Victoria Moreno a escena!
Odaiko representa a obra de teatro *Mar adiante*

"A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor"

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA **lingua**

As Neves

3ª BRINCadeira Solidaria

Axuda ao refuxiado

Praza Maior SÁBADO As Neves

19 maio

17:00h

OBRADOIROS PINTACARAS
XOGOS XIGANTES

a cargo de **ENREDOS ANIMACIÓN** **Cóxegas**

19h Maxia co Mago Marco **MAGO MARCO**
20:30h Gran Tómbola Benéfica

3º Certame de Debuxo
Sorteo de agasallos entre os participantes

Recollemos Conservas, Leite infantil, Chancas, Xogos de mesa e Material Escolar

Organiza
A.C. AS NEVES GROUP

Colaboran
As Neves

pallares
arte e cultura

LETRAS GALEGAS 2018

II Mostra de Maíos e concerto de Roberto Oliveira para celebrar as Letras Galegas

O Concello de Salceda de Caselas ven de presentar a programación para celebrar o Día das Letras Galegas, que se extenderá durante os días 17 e 18 de maio. O xoves 17, Día das Letras Galegas, os actos comezarán ás 11:00 horas na Praza do Concello coa apertura da II Mostra de Maíos na que xa teñen confirmada a súa participación máis dunha ducia de asociacións, colexios e colectivos, polo que se prevé que a mostra siga collendo importancia nos vindeiros anos, a pesar de ir aínda pola súa segunda edición.

Ás 12:00 terá lugar o acto central da celebración coa lectura de diversos textos de M^a Victoria Moreno. A lectura está aberta a todas as persoas que queiran participar, polo que dende o Concello animan a todos e todas a achegarse para poñer o seu grancíño de area nesta lectura continuada.

Xa pola tarde, a partires das 19:00 horas, os actos trasládanse ao Auditorio Municipal, onde poderemos disfrutar do concerto de Roberto Oliveira, salcedense recentemente galardonado co premio Martin Codax ao mellor artista de música contemporánea. Centrado

no comisionado e interpretación de obras, especificamente para percusión, electrónica e arte visual sincronizado, Roberto contribúe ao desenrolo da literatura para percusión mediante unha activa colaboración con novos compositores nacionais e internacionais.

Xa o venres 18, na Casa da Cultura Castelao a partires das 19:00 horas, terá lugar a presentación do libro "Marc, o mono que naceu dun ovo", proxecto iniciado por Chrysallis (Asociación de familias de menores transexuais) coa intención de achegar a comunidade educativa á realidade das crian-



Mostra de Maíos en Salceda de Caselas

zas transexuais. O acto rematará coa donación de libros á Biblioteca Municipal e cun obradoiro para nenos e nenas.

Teresa Pérez, Concelleira de Normalización Lingüística: "Estamos ante unha das festas máis importantes para a nosa lingua, e o Concello de Salceda

presenta unha programación de peso para celebrala. As diferentes manifestacións culturais e sociais da nosa vila forman parte dun programa que busca chegar ás diferentes idades e sensibilidades, e no que nos gustaría contar coa participación de todos e todas".

Sábados 2, 16 e 30 de Xuño de 2018

Curso de Manexo e xestión de Cultivos

Traballaremos os sistemas de reprodución vexetativa, a agricultura ecolóxica e permacultura, e a silvicultura multifuncional. O resultado será máis Biodiversidade!!!

Sábado 2 Xuño. Sistemas de reprodución vexetativa (estaca, acodo e enxerto). Mañá teoría e tarde práctica.

Sábado 16 Xuño. Conceptos básicos de agricultura ecolóxica e permacultura. Mañá teoría e tarde práctica.

Sábado 30 Xuño. Silvicultura multifuncional. Mañá teoría e tarde práctica.

A terra é o banco real, a reserva auténtica da riqueza, o polo da biodiversidade, o verdadeiro patrimonio da Humanidade.

Na Reitoral de Santa Mariña

Os sábados de 10 a 14 h e de 16 a 19 h.

Comecemos xuntos!!!

INFORMACIÓN E INSCRIPCIONS.

En COVELONATURAL 686021991
covelonatural@gmail.com
<http://www.farabork.com/covelonatural/>

COMUNIDADE DO MONTE VECIÁL
SHI MAN COMÚN DE SANTA MARÍA
Rúa Santa Mariña, 100 - 36100 Salceda de Caselas (Pontevedra)
Tfno. V-9864552. Santa Mariña, COVELO 39672

covelonatural

PONTEAREAS

17 de Maio día das LETRAS GALEGAS

PONTEAREAS 2018

MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ (1939 - 2005)

Domingo 13

- 20h. Auditorio Municipal. Teatro: "Falar sen cancelas" con Fran Rei, Isabel Risco e Pedro Brandariz.

Mércores 16

- 10h. Praza Maior. Elaboración de alfombra floral polo alumnado ponteareán coa colaboración de alfombristas de Ponteareas.
- 17:30h. Parque da Perillana. Animación Infantil.
- 19:30h. Roteiro literario na Praza Maior, coordinado por Roi Vidal Ponte. Participa coa túa lectura! Podes gañar unha planta e participarás no sorteo de cinco entradas individuais para o espectáculo "Somos criminais" de Carlos Blanco e Touriñán, por xentileza de "Ainé Produccións".

Xoves 17

- 11h. Praza Maior. Exposición de Maíos. Animación co grupo folclórico "Os Muíños de Oliveira".
- 17h. Praza Maior. Obradoiro "Xoga en Galego" e inchable.
- 20h. Auditorio Municipal. Concerto de percusión.

[En caso de choiva realizarase na sala multiusos do auditorio]

■ **Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador**

O tímido galeguismo das universidades

O día 9 de marzo de 1933, fai agora, xa que logo, oitenta e cinco anos, celebrouse no Paraninfo da Universidade de Santiago un acto de especial significación dados os avoltos tempos que vivía daquela Galicia. Francisco Fernández del Riego, que entón era un alumno da Facultade de Dereito, presentaba ao profesor Álvaro de las Casas, que impartiría unha conferencia titulada “Verbas aos mozos galegos. O momento universitario”.

As propostas do conferenciante eran novidosas e a radiografía que fixo da Universidade tamén moi atinada: “Unha Universidade incerta, dubidosa, desorientada, sen plan seriamente meditado de restauración, aberta aínda aos profesores de vai e vén que toman posesión soñando no traslado; que caen aquí

coma en país de desterró; profesores alleos, que, agás excepcións honrosísimas de mestres benquerido xa vencellados a nós, chegan no Castromil da mañá matinando pedir o traslado polo correo da tarde. Unha Universidade órgano da cultura castelán, e non plantel e viveiro da cultura galega”.

Aquelas palabras tiveron o eco esperado nas mobilizacións estudantís que reivindicaban unha Universidade galeguizada, que no decorrer do breve tempo que durou a Iª República, tivo no Reitor Alejandro Rodríguez Cadarso o timonel que a levou a ter os mellores científicos impartindo aulas. Quixeron as malas fadas que aquel proxecto cheo de esperanzas da vella Universidade naufragase por mor da sublevación militar de 1936 que descabezou aquelas cátedras de sa-

bedoría que a pique estiveron de obraren o milagre dunha ciencia implicada na renovación das estruturas socioeconómicas de Galicia cun aproveitamento racional das nosas riquezas naturais.

O profesor e investigador Ricardo Gurriarán na súa fundamentada e extensa obra “Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940)”, di que nese período a Universidade abríuse á sociedade cun modelo de xestión innovador: democratización, preocupación por asentar o ensino experimental nas aulas e posibilitar infraestruturas necesarias para lévalo a cabo. Accións en plena sintonía cos avances renovadores que preconizaba a intelectualidade prerrepública.

O discurso de Álvaro das Casas daquel entón paira aínda hoxe nas aulas e departamentos das nosas universidades onde a excelencia é un feito constatable, pero nas que a presenza da lingua galega nas aulas e actividades académicas non é a desexada. Docentes e alumnos

non recoñecen o alcance da cooficialidade lingüística, minorizando o noso idioma nos procesos formativos.

Lois Peña Novo, que viviu aqueles momentos históricos, vén agora ao encontro da memoria cando afirmaba que “o de menos son os títulos de capacidade oficial que a Universidade fabrique cada ano, sen que a idea da súa terra teña no seu espírito ningún valor. A Universidade ten que enchouparse na alma da terra, ata que os profesores e alumnos sentan con emoción a transcendencia da súa misión”.

Agora que as universidades de Santiago e Vigo acaban de elixir novos reitores teñen a oportunidade de artellar senllos programas e vontades para vigorizar o pulo anovador da galeguización.



■ **Baldomero Iglesias Dobarrío. Mero**

Xunto ao “día” da Lingua Galega

No silencio agóchanse case sempre os covardes, sobre todo cando se ocultan detrás del e non deixan que a verdade prevaleza sinalándoos, esclarecendo culpas. Esas culpas agachadas entre néboas de fume e algarada. No silencio agóchanse os traidores cando outorgan á mudez o valor da ignorancia e da dúbida infinda, acolléndose á vontade de non falar para que nada se saiba, para que non se entenda, para que ninguén poida chamar ás responsabilidades nin ás cousas polo seu debido nome. Prefiren pagar o prezo de romper as relación humanas, as que buscan o recoñecemento, a confesión sincera, a que declara o relato certo do arranxo, a que promove a esperanza desde a fidelidade, a comunicación digna da palabra.

A calada por resposta é costume dos que menten, dos que ocultan e se pillan sempre coas mans na masa, os mal pagadores, os que falan sen feitos, os que non din nada e arman algaradas con baleiros que evidencien a manifesta contradición e a falsidade. O silencio é iso que ampara aos falsarios cando debendo falar, non din algo que poida abrir luces, alumear os ceos cun raiolo

limpo que autentifique a realidade. Poucas veces o silencio é sabio e intelixente, mesmo elocuente. Case sempre esconde algo en formato de palabras sen sentido, na oratoria procáz de ocultar, de insistir na mudez persistente e teimuda, sen facer ruído, confundindo.

E eses intencionados silencios que ocultan a sabendas, son unha aldraxe moi empregada por políticos e xentes da variada provocación ofensiva, do gratuito insulto e descortesía, necesario para seguir facendo todo o que fan e ocultan, que queren seguir ocultando. Cando se socializa, en contubernio, cando xa son institucións enteiras que, anque existen para servir os intereses do pobo, calan todos xuntos e entón, o silencio, é mortífero en agravios, na imbatibilidade de seren moitos contra unha verdade espida e limpa, é cando se produce o abuso. E, neses casos, deberan ter a obriga de pasar polos xuíces e, estes, facerlles recoñecer o seu delito penal e ético, o grave dano que fixeron diante de todos nós, o pobo ao que forzaron a cargar coas culpas e encollerse na vergoña. Teñen a obriga de dicir, de contestar e reco-

ñecer o mal que nos fixeron tanto por accións cometidas como por omisións ou negacións de auxilio para as nosas causas. Agora toca falar da Nosa Lingua, mortificada desde a mentira –falaban de “imposición” do galego, en Galiza?-, desde o abuso con decretos de reparto –como fan os que previamente roubaron o protagonismo de ser en propiedade- arrogándose os dereitos da Lingua matricial outras linguas que nos viñeron invadindo e comendo a figura, que nos viñeron apoucando e minorizando, na Nosa Propia Casa. O silencio é a morte e o desleixo. Todos estes que gobernan e gobernaron neste abandono que vemos, estes que todos coñecemos, merecen confesar o dano que causaron. Teñen nomes e apelidos, responsabilidade das culpas, que son moitas, por facer da Nosa Casa, do Noso Idioma, un eido e código residual de tan humildes consecuencias, de despregos constantes nas mesmas institucións que eles rexen, nesa aldraxe de negarnos, de negarlles o futuro aos nosos fillos e tamén aos nosos herdeiros.

Que mágoa de nós, os nenos xa non saben o que é unha cunca ou unha cadeira, ignoran de onde veñen e quen son. A fala desta Matria abusada desde hai séculos. Pero o peor silencio é o

silencio público e masivo, o de todos nós que vemos como nos degradan, como nos sintetizan nun 30 % incumplido na maioría de todos os centros educativos. Este silencio que nos ten parados e arruinados, que provén do medo, da desesperanza resignada en prostracións humanas dese procedemento de escravismo absoluto, onde un dubida se hai xustiza para todos, onde un dubida xa se alguén ten o acerto que deba ter a Xustiza, de tomar toda esta dor dunha vez en serio.

Os culpables son estes, os que todos nós sabemos. Os que permitiron a desfeita que vemos diante dos ollos. Esta que rompeu a harmonía da paisaxe, volvéndonos á incultura que non sabe dar solucións aos problemas de feísmo, de eucaliptismo feroz, dos negocios para as empresas dos seus amigos. Si, a mesma incultura que tampouco sabe apagar os lumes que nos matan nin os incendios que arruinan a honra, procurando o abandono das xentes nesas piras funerarias en que converteron o rural que sustenta a vida.



OPINIÃO

■ Nemésio Barxa

Galeguiza o teu nome, restaura o teu apelido

Esta é a campanha de partida do BNG para animar ao pessoal a restaurar algo tanto importante como é sua identificação. Um Fernán-deZ pode ser alguém de qualquer lugar ou território, um Fernán-deS desde logo é da lusofonia e se, mais concretamente, é súbdito de este bastardo (pola origem) Reino de Espanha, indudavelmente será galego. Som moitedume os apelidos deturpados ou castelanizados que ocultam a nossa origem galega, bem porque foram modificados na política unificadora de nomes, apelidos e topónimos iniciada com os reis chamados Católicos, bem porque já nos foram impostos deturpados ou que não respondem á linguagem própria do país; a identificação não é chauvinismo esta-se a reivindicar o direito que todos temos de reintegrar ao galego nossos apelidos ou nomes deturpados ou castelanizados. Há apelidos patronímicos que derivam de nomes próprios, como Alvarez, derivado do nome próprio Alvaro e que na sua origem era filho de Alvaro, Gómez de origem godo e que significa filho de Gome (apocope de Gomerco), Rodríguez, filho de Rodrigo ou Rodericus é de origen germánico e Fernández, filho de Fernando, que em Catalunya é Ferrandis e em Asturias Fernandi e na lusofonia Fernandes. Já não falemos dos apelidos ligados com ofícios ou topónimos, como podem ser Zapatero ou Delrio, que evidentemente som Zapateiro e do Rio. O mesmo passa com os nomes próprios. Polo tanto não só nos identificam com a nosa familia, com nosos antergos senão também com nossa origem territorial.

Na web do BNG podese obter informação e textos de escritos para solicitar no Registo Civil a mudanza. Eu também ao remate de este escrito vou deixar um resumo dos trâmites e condições que devem darse para obter a modificação. Mas, primeiro, vai uma mensagem para os que comigo compartilham as teses reintegracionistas e que podem pensar em optar a mudanzas não sempre de fácil decisão.

Há poucos dias escoitei que o Presidente da RAG dizia algo tanto evidente como que Feijoo falado é Feixoo (singular reconhecimento reintegracionista que ele, ao parecer, não pra-

tica). E sendo assim, como é, um reintegracionista que se chame José, nao deverá mudar seu nome a Xosé (ou Juliam ou Jorge, etc.), mas terá que suportar que maioritariamente (a não ser que mude a Pepe) o chamem José (com o som gutural castelhano) e não Xosé (com o som do xis galego-português, que tampouco é o espanhol), pois resultaria pouco operativo acrescentar ao nome a indicação de “lease xosé”. Exemplo que vale para

todos os nomes ou apelidos que comencem por J ou incluso em casos similares por G antes de e ou i. Mesma dificuldade se a letra iota vai no centro do nome ou apelido, ainda que menos notoria. Menos problema pode ter com o B e o V, mas sempre que qualquer de estas letras fique situada

em lugares interiores ou finais do nome ou apelido, pois de figurar no inicio mudaria o posto que numa listagem lhe corresponderia alfabeticamente e dificultaria sua localização para aquelas pessoas que nos conheçam de antes. Com os dígrafos não há problema (a não ser no proprio Registo Civil que sim põem problemas) pois não mudam a letra inicial do nome ou apelido a modificar.

Eu proprio, reconhecido reintegracionista, para a mudança do meu apelido atopeime com a disjuntiva de quase impossível resolução. Se queria reintegrarlo ao galego-português padrão tinha que convertelo em Varja, com o que nada resolvia pois seguiriam a chamarme com o gutural som da J espanhola, acrescentado o problema porque mudava de lugar em qualquer listagem alfabético, com todos os inconvenientes adicionais nos Colegios profissionais, nas guias de telefones (daquelas), nos padrões municipais, etc. A palavra “barxa” que aparece nos dicionários de galego normativo, em português é “varja” ou “vårzea”, este último convertido mais bem em “barcia”, mas os tres com similar significado: fonda, campina cultivada,

comunal... E como naquela altura ainda nengum Presidente da RAG se havia manifestado claramente que feijoo falado é feixoo, sometinme á ditadura do XIS, letra que considero prepotente, dominante, excessiva e até represora na sua exagerada e aburrida presença nos textos no galego isolacionista; e asumim o Barxa que nem é reintegrado nem nada, mas que me facilita que todos, incluso em Castela ou Andalucia, me chamem barxa com o sonido xis

ou similar, as vezes sibilante, mas nunca com o gutural j castelhano. Servidumes de este doido país nosso.

Bom, pois para conseguir essa mudança tivemos que organizar uma simulação de supostas cartas, envelopes, comunicados, etc. que se me dirigiam de distintos lugares, pessoas e organismos (incluso envelopes oficiais de julgados e tribunais), com o apelido Barxa e depois tramitar o expediente no Registo Civil via Ministerio com a importante carga documental e desde logo sem relação com linguas vernáculas nem supostamente estrangeiras, só baseado numa “situação de feito não criada pelo interesado” (art. 57 da Lei) que era eu e que obviamente a havia criado, ainda que nom o aparentava; devia correr década dos 60 e vigorava a Lei do Registo Civil de 1.957, já com algumas modificações. Varios anos mais tarde, ainda para nominar a minha filha de IRIA tivemos que aparentar que havia nascido na Quinta do Limoeiro, Pereiro de Aguiar, onde o encargado do Registo era amigo meu, pois em Ourense nom a inscribiam. O Nemésio que uso, acentuado, não tem reconhecimento oficial, mas é a modalidade que emprego e, curiosamente, na Wikipedia aparece “Nemesio Barxa, também escrito Nemésio”, o que me dá um reconhecimento público.

A Lei do Registo Civil, de 08.06.57 é a que ainda fica em vigor, se bem

sufriu diversas modificações e ia ser substituída em junho próximo

pola de 30.06.11 (aviso ao pessoal, vaise privatizar o Registo e em breve teremos que pagar polas certidões de nascimento, matrimonio, morte, etc. que precisemos), desde então prorrogada sua posta em vigor, se bem parece que outra prórroga a adia a junho de 2.019; na mudanza de apelidos adiantouse sua entrada ao 30 de junho do pasado ano; polo tanto podemos acolhermos ás facilidades administrativas que nos proporciona, expressadas no artigo 53 em que faculta ao Encargado do Rexisto para autorizar a mudanza de apelidos por simple declaração de vontade do interesado nos cinco casos que estabelece e que, para o que aquí nos interessa, designadamente no 4º manifesta que pode proceder “á regulação ortográfica dos apelidos á lingua espanhola correspondente e a adequação gráfica ao espanhol da fonética de apelidos também estrangeiros”. Entendo que a “lingua espanhola correspondente” incluir-á as linguas cooficiais em Espanha. Basta, repito, a declaração de vontade do interesado perante o Encargado do Registo civil.

No artigo 54 contempla outros casos de mudança de apelidos, para os que é necesario tramitar expediente, também ante o Encargado do Registo, sendo necesario para a solicitude de cambio, também para o que aquí interessa, “que o apelido na forma proposta constitua uma situação de feito, sendo utilizado habitualmente polo interesado”. Aquí, sem dúvida, entra tanto a adequação fonética como a gramatical; só é preciso acreditar uso habitual polo interesado, que será em todo caso quem apresente a solicitude.

O artigo 52 refírese ao cambio de nome que poderá ser autorizado polo Encargado, mediante procedimento registal, previa solicitude polo interesado e provando seu uso habitual.

Não é tanto complicado. Animádevos e, asumindo toda a problemática ortográfica, reintegremos ou adequemos nossos nomes e apelidos á nossa realidade linguística no tronco lusista ou galego-português.

Quinta do Limoeiro, maio de 2.018



A fin da ETA

ETA naceu no 1959 dun conflito político, como escisión do mesmo PNV que constituíra a columna vertebral da resistencia do Goberno vasco presidido polo lehendakari Agirre á invasión do exército rebelde dos xenerais Franco e Mola (1936-37). Trátase dun grupo político que decide a loita armada contra un réxime de facto que oprimía Euskadi, como facía con Galicia (onde loitaron as guerrillas do maquis até 1964), Catalunya e o resto do Estado español. As mortes do policía represor Melitón Manzanás (1968) ou de Carrero Blanco (1973) hai que velas nese contexto.

Mais moi axiña ETA converteuse

nunha máquina de matar illada de toda consideración política. E non certamente cando o terríbel atentado do Hipercor ou o asasinato de Miguel Angel Blanco, senón antes, moito antes. En setembro de 1974, ETA matou trece persoas e feriu dúas nunha cafetaría da madrileña rúa do Correo, optando de vez polo terrorismo. Dende entón a súa foi a lóxica do sangue e do terror. Até sumar 857 vítimas.

Non é certo, como se ten dito pola maioría dos opinadores do Madrid mediático, que ETA colgase as armas no 2011 e acordase a súa disolución agora exclusivamente por razóns de derrota policial e xudicial. Pola contra, as razóns últimas da derrota de ETA

son políticas. Durante moito tempo mantivo certa afección entre un sector da poboación vasca, afección que desaparecería moito antes de non ser polos crimes do GAL. Mais dende a morte de Miguel Angel Blanco a esquerda abertzale vasca comezou rexeitar ser dirixida pola organización terrorista e situouse, progresiva mais rapidamente, fronte á violencia. A tregua de 1998-99 hai que vela neste contexto. E a súa ruptura constituíu o principal fito no proceso de independendización da esquerda abertzale a respecto da organización terrorista.

O Estado tamén actuou ás veces fronte a ETA con armas ilegais, tortura e guerra suxa. O GAL, nado no mesmo cerne do Goberno socialista de Felipe González, causou 26 mortes en 40

accións e antes os gobernos franquistas usaron do Batallón Vasco Español ou de ATE. Por outra banda, dende a ruptura da tregua, no 1999, o Estado estendeu a loita contra sectores abertzales que non eran responsables de accións terroristas, como na operación contra o xornal Egunkaria. Eran aqueles tempos do “todo es ETA” que dicía o xuíz Garzón.

Ven de dicir Eulalia Lluch, a filla do socialista asasinado por ETA Ernest Lluch, que “vítimas son todas, as de ETA as do GAL e os torturados”. Agora é o intre da paz e da política. De pasar páxina. Logo, iso si, de lela antes.



Recentralización e supremacismo españolista

Escotelle a Artur Màs nun acto político en Galicia que un 40% das persoas con residencia en Madrid e as Castelas respostaron nunha enquisa que pensaban que os cataláns falaban catalán “por amor”. Lembrei este detalle hai moi poucos días, cando un avogado toledano, ao me pedir unha sentenza que gañáramos no Despacho contra un grande banco español engadiu medonho “no estará en gallego, verdade?”.

Vivimos unha enxurrada de supremacismo españolista alicerzado

na lóxica do “a por ellos” que se opón a calquera expresión do dereito a decidir da cidadanía catalá, mais que tamén-e isto cómpre telo moi en conta fóra de Catalunya- quere deconstruír substancialmente a máis ou menos limitada recuperación nacional acadada polas cidadanías galega, vasca e catalá a carón da descentralización política de 1978. Neste proceso regresivo salienta o neocentralismo de Ciudadanos (Cs), para os que non hai máis problemas que a suposta (e falsa) discriminación do castelán e a suposta necesidade

dunha recentralización política que só beneficiaría a eses españois que queren mandar en todo o territorio do Estado sabendo só castelán e sen se achegar á súa realidade plurinacional. Supremacistas.

Este proceso, reflectido nesas bandeiras españolas que ateigan Madrid e outras cidades da Meseta, non se entende sen o seu consorcio co capitalismo do BOE, refractario á libre concorrência, que manda na maioría de empresas do IBEX 35 e que permite a expansión sen parada dun Madrid sen máis base produtiva que a súa exacerbada función de capitalidade. Un Madrid que papou case toda a Meseta e ameaza papir os demais territorios, para eles na periferia, que achegan economía real ao Estado.

Un capitalismo de amiguetes, alicerzado nos sectores regulados (distribución eléctrica, banca e grandes complexos construtores-concesionais, nomeadamente) e ciumento de todo desenvolvemento empresarial que faga máis autónomo ao que eles chaman periferia. Un capitalismo de BOE que domina xa os principais media madrileños, que se autodenominan “nacionais”.

Para máis, a recentralización económica do capitalismo de BOE e a recentralización política dos supremacistas de “a por ellos” recondúcense á unidade na Coroa. Nunha Xefatura de Estado que o 3 de outubro último decidiu rachar co exemplo da raíña Elisabeth II para ser de parte no canto de ser de todos.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

NOVAS DA RAIÁ

Unha novela gráfica colectiva sobre o rural galego. "O Picoto do Pai"

A presentación da BD, en Xinzo (Ponteareas), asistirán moitas das súas autoras, e o promotor do proxecto Kiko da Silva.

O día 16 de Maio ás 20h, no Centro Cultural da parroquia de Xinzo Ponteareas, o Festival das Brétemas organiza a presentación da novela gráfica colectiva "O Picoto do pai".

A historia, de 82 páxinas a toda cor, e realizada en mans de varias autoras estudantes do "Garaxe Hermético" de Kiko da Silva, cóntanos unha inquietante historia sobre o mito do abandono dos anciáns na cultura tradicional, ambientada no rural galego de finais do S.XVII.

As autoras: Miriam Iglesias, Laura Sisto, Zaida Novoa e Pablo Prado, alén de presentar e asinar o seu libro, tamén farán un pequeno repaso sobre o panorama da BD galega e o papel das mulleres no futuro da mesma.

O Garaxe Hermético, é a primeira Escola Profesional de Banda Deseñada e ilustración de Galicia, fundada



por Kiko da Silva no ano 2012.

A escola nace para formar de maneira profesional a autores de BD e ilustradores.

As clases están impartidas por Profesionais da BD e a ilustración en activo, cunha ampla e recoñecida experiencia no sector.

Nace a colección Creadores Ponteareáns

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a concelleira de Cultura e Turismo, Hortensia Bautista, presentan o sábado día 19 o libro "Blasfemias de silencio (de Seraogna aos Balcáns" do ponteareán Alfonso Pexegueiro.

Este primeiro libro que se enmarca na colección "Creadores Ponteareáns" que irá vendo a luz para por en valor o traballo creativo de moitos e moitas ponteareás é un poemario testemuño da renovación poética dos setenta que agora poderemos ler en edición revisada e correxida con introducción e notas de Luciano Fernández Martínez e tres apéndices do propio poeta.

Este poemario, Seraogna, que veu a luz en maio do ano 76 co selo de "Rompente", chega hoxe as mans de todos os que naqueles anos non puideron gozar das nosas letras.

Seraogna supón un discurso lírico de grande riqueza artística e profundamente enraizado coa terra, coa clase traballadora, coa loita pola patria e coas vivencias íntimas naquel entorno social.

Pexegueiro recolle o socialrealismo para convertelo en poesía cunha forte carga emocional e a través dunha estética imaxinativa. Ruptu-

rista e estremecedor Seraogna non é máis que o froito de invertir a orde do nome da parroquia natal do autor, Angoares.

A impronta da súa infancia nos seus versos é latente e as mensaxes optimistas mestúranse cos conflitos pesimistas facendo navegar nunha mesma estrofa a esperanza co sufrimento, a loita coa represión, a liberalización coa colonización...

"A creatividade sempre foi un valor en alza en Ponteareas e botar a vista atrás no tempo significa atopar unha morea de xente interesada nas distintas facetas da arte. Disciplinas como a música, literatura ou as artes plásticas levan ligado o nome de ponteareáns e ponteareás de recoñecido prestixio que foron caendo no esquecemento e que dende o goberno de Ponteareas queremos recuperar", explica o Alcalde.

Deste xeito o sábado 19 ás 19:30 horas no salón multiusos do auditorio municipal presentarase o libro co que se inaugura a colección Creadores Ponteareáns. Ademais, o domingo día 20 a partir das 10:00 horas terá lugar o roteiro literario por algún dos máxicos lugares de Seraogna e que partirá da igrexa parroquial de Angoares.



"Rompe. Xoga en igualdade", poesía visual en Ponteareas

L ogo de ter estado en Pontevedra e Vigo, chega a Ponteareas a exposición "Rompe. Xoga en igualdade" das artistas Isabel Blanco e Irene Silva. Poderase visitar no Museo Municipal, na Perillana, do 16 de maio ao 29 de xuño.

A mostra consta de 18 paneis cheos de "poesía visual para cambiar o mundo" que foron postos en marcha por Isabel Blanco e Irene

Silva, con fotografías de Noemí Chantada.

A través da visualización de imaxes de "Barbies" entrevistadas preténdese romper e reivindicar a igualdade entre mulleres e homes e concienciar á sociedade de que a igualdade, o fin da discriminación e da violencia contra o 52 % da poboación son necesarias para construír sociedades xustas e democráticas. E, para elo, diante de cada panel situarase un

martelo co fin de trasladar "a idea de romper coa desigualdade e traballar arreo para evitar a invisibilidade á que se nos somete poñendo en valor que as mulleres somos, estasmos en todos os sectores da sociedade e en todos os eidos e conseguimos o que nos propomos, sempre que teñamos espazos, recursos e se nos permita desde a sociedade construír todo aquilo que queremos que é a igualdade".

HUMOR

MARTIRENA



XOSE MANUEL



FUCO PRADO



MISCELANEA

Salceda ensínalles ás asociacións a manexar a Administración Electrónica

O Concello de Salceda de Caselas ten convocadas a máis de cincuenta asociacións e colectivos para o vindeiro martes 15 de maio ás 20:00 no Auditorio Municipal, para a asistencia a unha xornada de formación sobre a Administración Electrónica. A charla está aberta tamén a todas aquelas persoas que desexen asistir, sexan ou non representantes de alguna asociación.

Na charla, as Asociacións poderán coñecer os requisitos precisos para a tramitación de expedientes a través da Sede Electrónica, con especial atención aos diferentes certificados que se precisan para poder acceder á mesma. O persoal técnico encargado da formación realizará exemplos prácticos de tramitación na Sede Electrónica, así como de seguimento dos expedien-



tes e notificacións.

Por outra banda, ofrecerase tamén información sobre a FACE, o punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado. As asociacións están obrigadas a empregar esta plataforma na súa facturación co Concello e coas demais administracións, polo que a xornada resultará de grande interese para todas elas. A FACE ofrece a ventaxa de poder consultar o estado de

tramitación das facturas, polo que resulta moi práctica para empresas e asociación unha vez que teñen aprendido o seu correcto funcionamento.

As asociacións coñecerán de primeira man as grandes ventaxas da Administración Electrónica, como a dispoñibilidade 24 horas da mesma, a facilidade de acceder dende calquera punto, o aforro de tempo, a simplificación dos trámites, ou a mellora da seguridade nas transaccións.

Segundo o BNG “en Chapela, Javier Bas pretendeu a suba irregular das taxas da piscina”

Cunha serie de medidas beneficiosas para a concesionaria, pretendía que os veciños afrontasen un maior pago, seis meses antes do estipulado no contrato”

A renovación da concesión da xestión do Centro de Deportes Acuáticos de Chapela, plantexa para os nacionalistas, condicións enormemente vantaxosas para a empresa que se encarga da explotación deste servizo.

Segundo o concelleiro, Xoán Carlos González, nas propias bases de contratación recollíase a posibilidade de compensar a empresa adxudicataria con ata 120.000 euros, en concepto de consumos de auga, electricidade e biomasa, que finalmente se reduciron ata os 80.000€. Recollen igualmente a posibilidade de que no caso de que exista unha redución nos consumos anuais, o Concello verase na obriga de reingresarlles ata un 25% de dito aforro.

Salienta, como xa fixo no Pleno do mes de decembro, que Javier Bas plantexou a suba das taxas, “antes incluso de asinar o contrato de explotación, cando se recollía clara-

mente que durante os seis primeiros meses a concesionaria debería manter os prezos actualmente vixentes. Dende o BNG mantivémonos firmes en rexeitar esta proposta, que finalmente non prosperou”.

Outra das medidas adoptadas polo goberno de Javier Bas, ten a ver coa asignación dunha partida de 20.000€ para adquirir novas taquillas para os vestuarios, “cando as anteriores apenas teñen catro anos, e en todo caso consideramos que debería ter sido a concesionaria quen correse cos gastos, por non mantelas en debidas condicións”, afirma.

Advirte Xoán Carlos González da tendencia do goberno municipal de velar máis polos intereses da concesionaria, que polos dos veciños. Segundo o edil do BNG, detrás de todas estas medidas agóchase a mala xestión da empresa concesionaria, e a submisión do alcalde aos intereses da mesma. “Pretendeu en todo momento que fosen os veciños e veciñas quen soportasen as compensacións á empresa que se encarga da xestión dun servizo público”.

A Romaría da Picaraña 2018, un éxito de visitantes e actividades.

O pasado 1 de maio celebrouse a tradicional romaría da Picaraña, no monte do mesmo nome no concello de Ponteareas. Este ano a organización preparou actividades lúdicas, deportivas e musicais para todos os gustos. Ademais os devotos asistiron a misa na capela de Santa Cruz, situada no cumio.

A festa comezou o luns á tardiña coa celebración do I Serán da Picaraña no que participaron varios grupos e se serviu chocolate e rosquillas de balde. Tamén houbo unha acampada para nenos e nenas de 7 a 14 anos no recinto do albergue.

O martes pola mañá houbo subida a cabalo, andainas

dende diferentes parroquias, subidas en bicicleta e carreiras de montaña puntuables para o Campionato Galego. Os postos de venda de produtos gastronómicos fixeron a xornada entretida, así coma as visitas ao telleiro, ao zoqueiro, ao cesteiro e á follateira que amosaron o seu arte en directo. A exposición de fotografías antigas achegou a moitas persoas que trataban de recoñecerse nelas ou aos seus familiares.

Despois de comer, nenos e maiores comprobaron que os nosos xogos tradicionais poden resultar moi divertidos. Durante todo o día houbo música tradicional que moitos se ani-

maron a bailar.

Na organización colaboraron: CMVMC de Arcos, Ponteareas e Prado, AA.VV. de Arcos e Canedo, Casa culturais de Arcos, Bugarín e Prado, Peña Cabalar “Ao Galope”, Discamino, Grupo Scout Bosquetea, Os Caminhantes do Condado, e ADC Picaraña e o Concello de Ponteareas.



Un estudo salienta coma fortalezas do comercio tomiñés un produto de calidade, a proximidade dos establecementos e unha atención personalizada

Nos últimos anos Tomiño converteuse en centro de referencia facilmente identificable na zona de influencia, coa Praza de Abastos e a Praza do Seixo, coma epicentros do concello.

Este contexto máis atractivo axuda a atraer máis clientela, non só a Praza de Abastos senón que a todo o municipio, favorecendo o comercio e a hostalería local.

A estas conclusións, entre outras, chega o Estudo da Dinamización do Mercado Comercial Aberto de Tomiño, levado a cabo por una consultora, grazas ao apoio económico do Concello de Tomiño. O obxectivo prioritario deste traballo, realizado ao longo de 7 meses, era incentivar aos tomiñeses a consumir no pequeno comercio do pobo e atraer ás visitas doutras localidades. Tamén se pretendía comunicar a acción aos cidadáns e xerar empatía cos comercios da zona, aproveitando os soportes municipais e, algo moi importante, detectar e solucionar as necesidades formativas dos comerciantes e hostaleiros.

Entre as fortalezas atopamos un produto de moi boa calidade e a proximidade dos establecementos; unha atención personalizada e directa, amplo coñecemento do produto; predisposición dos comerciantes para formarse en áreas nas que teñen carencias, e iniciativas para crear unha imaxe corporativa da Marca Tomiño que identifique o comercio local aberto. Tamén son consideradas de forma positiva situacións coma que na actualidade o foco dinamizador é o Mercado Municipal; a colaboración a través de vendas cruzadas e unha maior conciencia de grupo, a raíz da formación e das campañas.

En canto ás principais debilidades do comercio tomiñés, figuran a escaseza de produtos e servizos e a pouca variedade dos mesmos; a "falta de iniciativas para captar un rango de poboación máis nova, e tamén de publicidade, promocións e campañas, e de accións para frear a inercia actual da caída de demandas".

Outro punto débil, segundo

o estudo, é que os locais, na súa maioría non resultan suficientemente atractivos para a xuventude e a existencia de certo desorde que impide visualizar ben os produtos. Tampouco a implicación dos comerciantes parece ser a correcta para conseguir unha marca que os identifique, nin a potenciación dos produtos estrela.

Coma ameazas principais, cítase a "existencia de localidades próximas cunha ampla variedade de produtos e servizos, áreas comerciais e tendas especializadas". Tamén o crecemento do comercio online e o descenso poboacional na comarca. Outro factor que xoga en contra do comercio local é a falta de transporte público que achegue aos clientes de distintas parroquias a Goián e Tomiño, núcleos urbanos máis importantes do municipio.

Por último, no capítulo de oportunidades, salientan a boa predisposición por parte do Concello para impulsar a Marca Tomiño co fin de emprender accións conxuntas, e o poder



de involucrar na dinamización comercial as Administracións Públicas, locais e autonómicas. Outras recomendacións moi importantes para mellorar son a creación dunha Webe Appdo comercio e hostalaría de Tomiño; sinais indicativas dos sectores ou establecementos nas estradas de acceso a Tomiño; encontros de empresarios (networking) e utilización das redes sociais para captar novos clientes.

Por todas estas razóns, os asesores recomentan seguir potenciando os puntos clave (atención ao cliente, produto, proximidade e horarios), ter en conta o "hándicap para atraer un público máis novo; implantar estratexias conxuntas

e solucionar as carencias formativas en informática, márketing dixital, comercio electrónico, redes sociais, visual merchandising, preparación de escaparates e paquetería, xestión de pemes e idiomas.

Logo da fase de diagnóstico, realizáronse varios cursos dirixidos a axudar a paliar as carencias detectadas.

O Concello e a Asociación de Comerciantes (ADETO) tentarán en breve, segundo explica o concelleiro de Promoción Económica, Antonio Taglione, seguir coa organización de accións orientadas a mellorar o Mercado Comercial Aberto e facer del, un sector competitivo na comarca e arredores.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

MISCELANEA

Excursión do IEM ao Alto Miño

O Instituto de Estudos Miñoranos organiza na súa XVI Xeira Alén Miño, unha excursión de dous días ao Alto Miño e Castro de Viladonga, os días 2 e 3 de xuño.

As visitas serán guiadas por Felipe Arias Vilas, exdirector do museo do Castro de Viladonga, arqueólogo, historiador e profesor-investigador ad honorem na Facultade de Humanidades da USC en Lugo.

No primeiro día visitarase o Castro de Viladonga a Lagoa de Caque e Castro de Rei. Tras pasala noite en Lugo, o segundo día pódese visitar a Lagoa de Fonmiñá, onde o Miño colle corpo, o Mosteiro Cisterciense de Meira e o Mazo de Ferreira Vella en



Riotorto.

Con saída de Gondomar ás 8 da mañán do sábado e regreso o domingo ás nove e media da noite, o prezo de 130 euros para socios ou 140 para o resto, inclúe viaxe en autobus de 56 prazas, seguro, xantar sábado e domingo, ho-

tel, almorzo do domingo, guía e visitas.

Para anotarse á Xeira haberá que chamar ao IEM ao teléfono 986 360575/627 276816, de luns a venres de 18.00 a 21.00, ou escribir un correo electrónico a oficina@iem.gal ata o 22 de maio.

Presentación do libro
“Na sombra do Trega”


Ven de presentarse no Centro Cultural da Guarda un interesante libro titulado “Na sombra do Trega”, sobre a vida daquela vila mariñeira: a súa arquitectura, a súa historia, a prensa, o deporte; así como unha galería de fotos antigas da xente da vila guardesa.

Foi editado polos Servizos de Publicacións da Deputación de Pontevedra. Coordinou o

escritor guardés Francisco Alvarez “KOKI”, e colaboraron Xoán de Tamuxe e Miguel Villa.

Na presentación falárono o deputado provincial Xosé Leal, seguido do escritor e coordinador Alvarez “KOKI”, de Xoán de Tamuxe e Miguel Villa. O acto foi pechado polo alcalde da localidade.

Acudiron preto de trescentas persoas que foron agasalhadas cun exemplar. Os res-



pensables esperan que o libro sexa útil para turistas e para os propios guardeses que así van coñecer mellor o seu pobo.

Escritor Rodrigo Guedes de Carvalho em Monção

Encontro com o escritor Rodrigo Guedes de Carvalho na Biblioteca Municipal de Monção, Sexta-Feira 18 de Maio.

O autor ganhou o prêmio SPA 2018 Melhor livro de ficção narrativa com “O pianista do hotel” e irá apresentar o seu recente livro “Jogos de Raiva”.



Alberto Pereiro expón en Tui

O fotógrafo porriñés Alberto Pereiro Lueiro “Holly” expón a mostra “Falan de min, falan de ti” na sala de exposicións municipal na Área Panorámica. Logo de expor a súa obra por vez primeira en Cangas e na Guarda, con gran acollida agora Holly achega os seus traballos até Tui, onde se poderán visitar de luns a venres de 10 a 13 h e de 17 a 20 h, e os sábados de 10 a 13 h até o 21 de maio.

Trátase dunha reportaxe fotográfica-documental que, a través do personaxe Pepe Kórdoba “Niño”, trata de reivindicar o respecto a todas

aquelas persoas que traballan dignamente nas rúas en diferentes actividades e profesións. A súa intención non é outra que o espectador conecte e se mergulhe nese mundo das sensibilidades e sentimentos, que son comúns a todas as persoas. O traballo, ademais de seren unha homenaxe, pretende provocar unha mirada reflexiva e profundar nos xeitos que temos de ver todo o que nos parece distinto á nosa forma de vida; ter unha visión aberta e construtiva dun mundo onde a nosa ollada non sexa incriminatória e marxinal por costume.



VI Colóquio Luso-Galaico sobre a Saudade (24-26 de Maio de 2018 | Lisboa – Porto – Vigo)

24 de Maio

Xuventude de Galicia: Centro Galego de Lisboa

14h00: Painel I

António Braz Teixeira | EXPRESSÃO E SENTIDO DA SAUDADE NA POESIA ANGOLANA E MOÇAMBICANA DA GERAÇÃO DE 1985

Duarte Drumond Braga | A SAUDADE EM GOA

Paulo Borges | SUYDADE: EXPERIÊNCIA DO SI ABYSSAL

15h30: Painel II

Joaquim Pinto | A SAUDADE COMO PROTENSÃO DOS ACTOS TOTAIS OU SUPERVIVÊNCIA DE EXPERIÊNCIAS SAGRADAS

Manuel Curado | A MEDICALIZAÇÃO DA SAUDADE EM JOSÉ FELICIANO DE CASTILHO (1810-1879)

Rui Lopo | WENCESLAU DE MORAES: A RELIGIÃO DA SAUDADE

17h00: Painel III

Miguel Real | A SAUDADE EM PEDRO MARTINS E RODRIGO SOBRAL CUNHA

Pedro Martins | A FENOMENOLOGIA DA SAUDADE EM ANTÓNIO TELMO

Rodrigo Sobral Cunha | A LUA E A SAUDADE

25 de Maio

Centro Regional do Porto da Universidade Católica Portuguesa : Sala de Executivos

09h00: Painel IV

Jorge Teixeira da Cunha | A UNIVERSALIZAÇÃO DO TEMA DA SAUDADE NO PENSAMENTO DE ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

José Pedro Angélico | RADICAÇÃO E FRONTEIRA, O ESTATUTO PRÉ-ONTOLÓGICO DA SAUDADE: APROXIMAÇÃO TEOLÓGICA À FILOSOFIA

DA SAUDADE EM ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

Nuno Ornelas Martins | O SAUDOSISMO E A ECONOMIA: O DEBATE ENTRE TEIXEIRA DE PASCOAES E ANTÓNIO SÉRGIO

10h30: Painel V

Joaquim Domingues | NOSSA SENHORA DAS SAUDADES

José Almeida | SAUDOSISMO E MESSIANISMO: ASPECTOS DO MITO EM FERNANDO PESSOA

Lígia Rocha | LIMA DE FREITAS: TRADIÇÃO E MODERNIDADE - QUERELAS SOBRE A SAUDADE

12h00: Painel VI

Alexandre Teixeira Mendes | DO EXÍLIO DA PALAVRA E DA PRONUNCIÇÃO QUE NÃO CESSA; O ENTREDITO DA SAUDADE

Maria Dovigo | ERNESTO GUERRA DA CAL: EXÍLIO E SAUDADE

Pedro Jacob Morais | OUTRAS SAUDADES: UMA APROXIMAÇÃO À OBRA DE TERRENCE MALICK

Colexio Apóstol Santiago - Xesuítas (Vigo)

18h00: Painel VII

Fernando Ponte | A SAUDADE NO PENSAMENTO E NA OBRA DE D. ROBERTO NOVOA SANTOS

Manuel Cândido Pimentel | A FENOMENOLOGIA DA SAUDADE

Miguel Ángel Martínez Quintanar | SAUDADE: ENTRE FENÓMENO E ACONTECIMENTO

Samuel Dimas | A SAUDADE DO PARAÍSO FUTURO

26 de Maio

Colexio Apóstol Santiago - Xesuítas (Vigo)

09h00: Painel VIII

Luís G. Soto | SOBRE ANDRÉS TORRES QUEIRUGA E A SAUDADE

Marcelino Agís Villaverde | FILOSOFÍA E SAUDADE: A PROPÓSITO DE ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

Renato Epifânio | REPENSANDO O ATEÍSMO: ENTRE ANDRÉS TORRES QUEIRUGA E JOSÉ MARINHO

Rocío Carolo Tosar | O CARACTER ONTOLÓGICO DA SAUDADE: RAMÓN PIÑEIRO E ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

11h00: Intervenção de Andrés Torres Queiruga

11h30: Apresentação de Sobre a Saudade: V Colóquio Luso-Galaico & Revista NOVA ÁGUIA nº 21

12h00: Encerramento do Colóquio



Organização: Instituto de Filosofia Luso-Brasileira | Instituto de Filosofia da Universidade do Porto (RG “Raízes e Horizontes da Filosofia e da Cultura em Portugal”) | Centro Português de Vigo | Universidade de Santiago de Compostela (Faculdade de Filosofia: Departamento de Filosofia e Antropoloxía) | Universidade Católica Portuguesa (CEFi: Centro de Estudos de Filosofia – Porto) | MIL: Movimento Internacional Lusófono | Revista NOVA ÁGUIA

Bienal de Cerveira já abriu programa de voluntariado

A Fundação Bienal de Arte de Cerveira está à procura de voluntários para a XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira que desempenhem funções de acolhimento, informação e encaminhamento dos visitantes e apoio na organização das visitas guiadas. Os interessados deverão inscrever-se até 30 de junho de 2018.

A Bienal procura jovens, entre os 18 e 30 anos, preferencialmente, com conhecimentos de línguas estrangeiras e habilitações académicas e/ou experiência profissional em áreas relacionadas com história de arte, expressão plástica,

informática, relações públicas e relações internacionais.

A Fundação Bienal de Arte de Cerveira compromete-se a assegurar a todos os voluntários formação, alojamento, alimentação, seguro e um certificado de participação. Os voluntários farão um turno de cinco horas por dia, durante 15 dias, entre 10 de agosto e 23 de setembro de 2018.

Os participantes do programa de voluntariado terão, assim, a oportunidade de contactar com artistas de diferentes áreas e nacionalidades e viver uma experiência de aprendizagem e partilha únicas.



LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

A XI Andaina Concello de Salceda percorrerá catro Concellos

O vindeiro sábado 19 de maio, Salceda de Caselas acollerá a decimoprimeira edición da andaina "Concello de Salceda", incluída na Copa Galega de Andainas. A proba, organizada polo Centro Cultural O Coto de Budiño, en colaboración co Concello de Salceda, ofrece dúas alternativas de participación, podendo elixir 25 ou 50 km. A saída realizarase dende o centro cultural ás 9:00, na parroquia de San Estevo de Budiño, e percorrerá diversos puntos do entorno natural do municipio así como dos Concellos limítrofes, destacando as sendas e as áreas de lecer.

Para poder participar na andaina, é preciso inscribirse antes do martes 15 de maio a través da páxina web

www.aforna.org, abonando un prezo de 10 € para as/os socias/os e/ou federadas/os e 12 para as/os non socias/os e/ou non federadas/os. O prezo inclúe os diferentes avituallamentos que se disporán ao longo do percorrido, así como o xantar final no centro cultural.

As previsións, en base aos anos anteriores, son de que se completen as 250 prazas ofertadas para participar nesta proba, que ademais da xeografía natural do Concello de Salceda, pasará tamén por puntos dos Concellos veciños de Porriño, Pontearreas e Salvaterra de Miño. Estamos a falar dunha andaina coas mellores críticas tanto a nivel organización como a nivel de interese natural e de elección de percorrido.



Manuel Fernández Ramírez, máximo responsable do evento, agradeceu a enorme participación e a deportividade amosada polos/as participantes nas edicións anteriores. "O bo funcionamento da proba ata o de agora fai

que cada ano a preparemos con máis adicación e máis ganas. Estamos seguros de que a andaina preparada para este ano non vai defraudar ás persoas participantes que se animen a realizala".

FESTIVAL PLAY-BACKS
Centro Cultural Parderrubias
(Salceda de Caselas)

MÉRCORES 16 MAIO

Hora: 22,15

GRUPO PLAYBACKS XUNCO

Estrenos
...e outras sorpresas

www.xunco.org
info@xunco.org

Síguenos en Facebook



A obra de Rea Giuseppe pode visitarse na Casa da Cultura ata o 25 de maio

Rea Giuseppe, artista Napolitano afincado en Guillarei, expón a súa obra na Casa da Cultura Castela de Salceda de Caselas, nunha mostra que permanecerá aberta ata o vindeiro 25 de maio.

Rea Giuseppe naceu en Bonefro (Nápoles), pero a emigración levouno a Suíza, onde na vila de Neuchatel pasou a maior parte da súa vida exercendo como perruqueiro.

Alá polo ano 1985 comeza a adentrarse no mundo da pintura, inspirándose na cultura napolitana que tanto ama, buscando as súas raíces. Pola súa formación autodidacta, a súa pintura es-

capa de todo formalismo académico.

Giuseppe desafíanos, cuestiónanos e pídenos que eliminemos as comodidades superfluas e superficiais, para chegar á profundidade da alma humana. A súa obra está tinguida de existencialismo e humanidade, reflexada a través dos seus ollos, o cal lle fai transmitir o que el ve na sociedade e no mundo que nos rodea, e que o fai definirse a si mesmo como "un tolo namorado da vida".

A mostra pode visitarse na Casa da Cultura Castela, na Praza do Concello de Salceda, de luns a venres en horario ininterrompido de 9:00 a 21:00.

SALCEDA DE CASELAS

Akka Eaasadaoui arrasa unha vez máis na VI Corre X Salceda

O pasado domingo 6 de maio Salceda de Caselas acolleu a VI edición da carreira popular que cada ano percorre o municipio, organizada pola Concellaría de Deportes en colaboración coas Escolas Deportivas. Un ano máis o evento foi un éxito, contribuíndo á consolidación do mesmo entre as probas destacadas da provincia.

Baixo o nome "Corre X Salceda", as/os participantes percorreron os espazos naturais de Salceda, así como os diferentes tramos de sendas polos Ríos Caselas e Landres, nun percorrido que foi calificado como "fermoso" ou "interesante" por moitos/as dos/das atletas participantes.

Para a categoría absoluta, con saída ás 10:30, os/as participantes podían elixir entre facer 5 ou 10 km. Os/as nacidos/as entre 2003 e 2005 fixeron un circuíto de 2.500 metros, 1.000 metros para os/as nacidos/as entre 2.006 e 2.008, 500 metros para os/as nacidos/as entre 2.009



e 2.011, 150 metros para a categoría "Pitufos A", que englobou aos nenos e nenas nados entre 2.012 e 2.014, e 100 metros para os "Pitufos B", nados en 2.015 e 2.016. Todas as categorías realizaron a súa saída dende a Praza do Concello. Ademais, no caso das categorías inferiores, todas elas contaban con un percorrido accesible para persoas con mobilidade reducida.

A proba contou ademais con unha vertente solidaria, xa que as categorías inferiores tiñan como requisito de participación a aportación de alimentos non perecedei-

ros para o Programa Municipal de Alimentos, recaudándose máis de 300 kilos que sen dúbida servirán de axuda a moitas familias que non están a pasar o seu mellor momento.

Máis de 50 persoas voluntarias garantiron o correcto desenrolo da proba baixo a dirección da Policía Local, encargándose da loxística, control de cruces, avituallamento, entrega de dorsais, etc. Así mesmo, o Concello contou tamén coa colaboración de diversos clubs da localidade, con Protección Civil e coa Garda Civil.

Clasificación

CATEGORÍA 10K

Xeral feminina: Yolanda Campos Rivas (00:43:48) Marga Villaverde Rosales (00:46:07) Uxía Fernández García (00:46:19)

Xeral masculina: AkkaEaasadaoui (00:33:40) Manuel José Basteiro Bessada (00:34:24) José Alberto Bastos Dasilva (00:35:03)

Xuvenil feminina: Andrea Pérez Fernández

Xuvenil masculina: Javier Besada Pérez

Senior feminina: Jahenett Amil Pérez, Lucía Romero Ons, Irene Táboas Carrera

Senior masculino: Ismael Táboas Carrera, Jesús Rodríguez Roa, Alejandro Otero Ramírez

Veterana A feminina: Nuria Pérez Lorenzo, Celia Marques, Beatriz Castiñeira Lores

Veterano A masculino: José Antonio Álvarez Otero, Manuel Prieto de la Iglesia, Marcos Groba Bargiela

Veterana B feminina: María Elena Estévez Freire, Montserrat Silva Fernández, Verónica Pampillón Seijo

Veterano B masculino: Ernesto Plaza Sixto, José Luis Mujeiro Gómez, José Ramón Alonso Fernández

Veterano C masculino: Manuel Suárez Martínez, Guillermo José Vicente Álvarez, Federico Amando García Costas

Veterana D masculino: Manuel Millara Blanco

CATEGORÍA 5 K

Xeral feminina: Belén Freijeiro Fernández, María Teresa Sordo García, Ana Álvarez Martínez

Xeral masculina: Juan Carlos Sande Presa, Antón Amoe-do Giménez, Manuel Ulla Rega

CATEGORÍAS DE MENORES

A feminina: María Baqueiro Leyenda Ainhoa Bernárdez Rodríguez Lucía Ramírez Fernández

A masculino: César Carballo Otero Pablo Almeida Seoane Samuel Lemos López

B feminina: Andrea Lorenzo Urgal Enma Fernández Cendón Laura Ramírez Fernández

B Masculino: Martín Martínez Corbera Hugo Ferreira Rodríguez Pablo González Rey

C feminina: Noa Martínez Fernández Elisa Núñez Martínez Mara González Carrera

C Masculino: Mateo García Troncoso Xabier Bautista Estévez Roque Álvarez Sierra

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas

986 640 834

LOURIÑA

O PORRIÑO

A alcaldesa denuncia o uso despreziable que o PP fai dun clube deportivo de persoas con diversidade funcional

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, denuncia que o Partido Popular emprega de xeito desprezabel un dato referido a un equipo deportivo da nosa vila integrado por persoas con diversidade funcional, o Bacaropo, para os seus fins partidistas e electoralistas.

García de la Torre lembra que coa axuda do Concello 13 rapazas e rapaces porriñeses poden xogar ao baloncesto en cadeira de rodas para o cal dispoñen de 30.000€ para o material, e 15.000€ máis para gastos ordinarios de funcionamento dun club que traballa para a prol da igualdade á que teñen dereito todas as porriñesas e porriñeses.

O Partido Popular do Porriño,

de xeito mesquiño, pretende espallar públicamente e presentar coma algo sórdido este feito deixando entrever que unha concelleira da Corporación usa este club no seu propio beneficio e da súa familia: é falso pois ninguén está no club Bacaropo para lucrarse ou para cobrar un soldo, algo que saben, perfectamente, os responsábeis do PP local.

Do mesmo xeito, en caso algún, houbo un pacto, trato, arranxo ou componenda por parte da alcaldesa para que esta concelleira dera o seu apoio aos orzamentos municipais deste ano a cambio de axuda ou subvención algunha ao devandito club e, así mesmo, e isto tamén o saben moi ben os responsábeis do Partido Po-

pular do Porriño, hai incompatibilidade ou ilegalidade algunha no feito de que un concelleiro ou concelleira, desta e de calquera Corporación, sexa directivo, presidente o dirixente dunha asociación sen ánimo de lucro ou, coma neste caso, dun club deportivo.

Eva García de la Torre preguntase ¿por qué ao Partido Popular do Porriño non lle gusta que 13 rapazas e rapaces con diversidade funcional practiquen deporte?, ¿por qué non queren que o Concello do Porriño subvencione a un club que fai posible que compitan nenas e nenos con diversidade funcional?

Se de verdade os responsábeis do PP do Porriño queren que o Bacaropo funcione, que traballe para persoas con di-



versidade funcional, e están dacordo en que reciban unha axuda do Concello-por certo, unha das axudas máis baixas entre as entidades deportivas locais-, que rexeiten e desautoricen, tamén públicamente,

a quen de xeito tan infame e abxecto tenta de emporcar o traballo dos integrantes do Bacaropo e o principio de igualdade de oportunidades ao que teñen dereito todas as porriñesas e porriñeses.

Intenso fin de semana para A. D. Avanza

Intenso fin de semana de actividade para a Asociación Deportiva Avanza que na xornada do pasado sábado desprazábanse ata o concello ourensá de Piñor onde se disputaba a segunda edición XCO Concello de Piñor puntuable para o open galego de XC, onde nunha xornada marcada pola choiva os integrantes da A.D. Avanza conseguía traer para o Porriño dos podios da man de Xoel Montes que conseguía cruzar en terceira posición o arco de meta e na categoría Junior Óscar Fernández conseguía un segundo posto.

Tamén na xornada do sábado na categoría de escolas o corredor de categoría alevín masculino Haritz Serrano desprazábase ata o concello coruñés de Padrón onde conseguía un terceiro posto no podio do XI trofeo Sponsor organizado polo club ciclista Padronés.

Xa na xornada do domingo mais dunha quincena de inte-

grantes da escola de ciclismo A.D. Avanza decidiron facer fronte os preto de douscentos quilómetros que separan O Porriño do Val de Esmelle no concello coruñés de Ferrol para participar na terceira proba do calendario do campionato galego de MINI BTT onde o club ciclista Esmelle organizaba a cuarta edición do trofeo MINI BTT VAL DE ESMELLE, onde os pequenos bikers desprazados ata Ferrol comezaron a mañá do domingo cun terreo rebrandecido polas intensas choiva caída a primeiras horas da mañá convertendo o escenario da proba nunha autentica proba rompe pernas.

Para o primeiro podio para a escola de ciclismo Avanza había que agardar a categoría Promesa Fémica da man de Nerea Soto que unha vez mais lograba subir o mais alto do podio.

Na categoría Alevín Fémica Aroa Otero nunha dura loita conseguía cruzar o arco de meta

na décima posición demostrando que entrou neste deporte para quedarse e loitar por estar o mais arriba posible.

O igual que Nerea a súa irmá Uxía Soto asinaba unha espectacular proba, onde por primeira vez nesta tempada as fémicas de categoría infantil competiron xuntas cos infantís masculino. Saíndo cunha diferenza de tres minutos Uxía Soto conseguía alcanzar no transcurso da segunda volta a moitos dos rapaces da categoría masculina asinando unha actuación case perfecta onde o público asistente non saía do seu abraio coa actuación da pequena bikers que conseguía sumir o mais alto do podio por terceira vez consecutiva.

Na categoría infantil masculino Andrés Valverde conseguía subir o terceiro posto do podio nunha dura loita desde o minuto un da carreira, compre destacar o bo papel dos bikers desta categoría na que cinco dos inte-



Uxía Soto 1ª na categoría infantil feminina.



Nerea Soto 1ª na categoría promesa feminina.

grantes da escola conseguín cruzar o arco de meta entre os quince primeiros. Andrés Val-

verde 3º, Iker Otero 6º, Hugo Martínez 11º, Iván Fernández 14º e Gonzalo Gallego 15º.

O PORRIÑO

Noemí Fernández, semifinalista de La Voz Kids recibida no Concello

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, xunto coa concelleira de Educación, Lourdes Moure, recibiu no Concello a Noemí Fernández, a concursante de 15 anos de 'La Voz Kids', o programa de Telecinco, que este vindeiro luns disputa a semifinal do concurso.

Noemí, veciña do Porriño, ademais de ter unha magnífica voz, toca a guitarra e o piano, é unha alumna de "sobresañtes", segundo confirmou o seu pai quen indicou que a ilusión da súa filla é a de estudar medicina.

Noemí chega á semifinais de 'La Voz Kids' logo de superar unhas probas nas que participaron, en toda España,

30.000 nenas e nenos das que saíron 120 candidatos e candidatas que logo quedaron en 90, finalmente en 15, logo en 8 e, por fin, en 5 nas semifinais, das que pasarán á final 3 por equipo.

A alcaldesa trasladoulle a Noemí e ao seu pai o seu interese en que poida actuar nas vindeiras Festas do Cristo, para que "todas as veciñas e veciños do Porriño poidamos admirar un talento en directo".



Aberta a inscrición para os Campamentos de Verán do Concello

Desde o día 10 de maio está aberto o prazo de inscrición para os Campamentos de Verán do Concello do Porriño, que baixo o nome de 'Leo e as viaxes polo tempo', ten coma obxectivo, tal e como sinala a concelleira de Benestar e Igualdade, Soledad Girón, "ofrecer unha alternativa de lecer e tempo libre ás nenas e nenos do Porriño durante o verán e, ao mesmo tempo, facilitar a conciliación da vida familiar e laboral ás porriñesas e porriñeses".

Os campamentos, que están co-financiados pola Deputación de Pontevedra, abranguen do 2 de xullo ao 10 de agosto e están abertos a nenas e nenos de entre 5 e 12 anos de idade nados entre 2006 e 2013.

As quendas para os mesmos serán: 1ª.- do 2 ao 6 de xullo; 2ª.- do 9 ao 13 de



xullo; 3ª.- do 16 ao 20 de xullo; 4ª.- do 23 ao 27 de xullo; 5ª.- do 30 de xullo ao 3 de agosto e 6ª.- do 6 ao 10 de agosto.

As inscricións poden facerse no Centro de Información á Muller (CIM), no 3º andar do Concello, de 9 da mañá a 2 da tarde. Para máis información as persoas interesadas poden chamar ao teléfono 986 337 429.



Concello de
Porriño

unha ollada diferente

O curso de "Montaxe de mobles e elementos de carpintería" en Tui realiza bibliotecas móbiles

A realización de tres biblioteca móbiles destinadas aos centros escolares tuidenses, baseadas no proxecto inicial de Aldea del Talento, foi o proxecto destacado realizado polos 15 alumnos do curso de "Montaxe de mobles e elementos de carpintería" impartido polo Concello de Tui no Centro Municipal de Formación.

Esta actividade formativa constou de 538 horas de formación teórico-práctica nas que o monitor do curso Aitor Martínez apostou por facer un proxecto diferente no que ilusionar e involucrar ao alumnado. Deste xeito, tras coñecer o deseño de bibliotecas móbiles de Aldea del Talento, púxose en contacto coa súa fundadora, Rosa Poo, que cedeu os planos realizados pola arquitecta Elena



del Río a raíz das propostas feitas polos nenos.

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, e a concelleira de Formación e Emprego, Mila González, achegáronse até o taller de carpintería no Centro Municipal de Formación para felicitar aos alumnos e ao monitor polo traballo realizado. O alcalde destacou que estes espazos de lectura infantil servirán para incentivar este há-

bito, amosando a súa satisfacción polo resultado obtido.

Mentres a concelleira amosou a súa satisfacción co curso tanto polo que supón para o alumnado esta formación, abrindo portas a súa inserción laboral, como polo resultado do proxecto realizado, que agardan poder continuar en próximos cursos para que cada centro educativo de Tui conte cunha destas bibliotecas móbiles.

Charla de Carlos Sanz sobre o lobo ibérico

O biólogo e fotógrafo Carlos Sanz dará unha charla na granxa escola musical Corazón de Carballo, en Tomiño, o próximo 19 de Maio ás 19:30.

Colaborador de Félix Rodríguez de la Fuente, responsable do mantemento e manexo das manadas do Centro del Lobo Ibérico de Castilla y León, é autor da ex-

posición itinerante 'Amigo Lobo. Leyenda y Realidad del Lobo Ibérico', presente en Corazón de Carballo ata finais de Xuño.

Nesta charla, Carlos Sanz nos falará sobre a exposición Amigo Lobo, sobre o Centro do Lobo Ibérico "Félix Rodríguez de la Fuente" e sobre a situación actual do lobo en España.



M

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

BARXA
advogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña